

TRADE FAIR

WTCE 2026

Feira comercial de catering e servizos a bordo

World Travel Catering®
& Onboard Services

EXPO



14 – 16 Abril



Hamburgo (Alemaña)



Participación agrupada de Clusaga na WTCE Expo 2026

O Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga) impulsa unha **participación agrupada de empresas e entidades socias** na feira internacional **WTCE Expo 2026**, que se celebrará do **14 ao 16 de abril de 2026** no recinto Hamburg Messe, en Hamburgo (Alemaña).

SOBRE WTCE

A feira internacional **WTCE** considerase como a **principal cita de referencia a nivel mundial especializada en catering para viaxes e servizos a bordo**. Reúne dende fai máis de 10 anos a **responsables de compras de aeroliñas, operadores ferroviarios e cruceiros que buscan provedores de alimentos e bebidas** para os seus servizos a bordo, particularmente comidas preparadas, bebidas e todo tipo de snacks.

DIMENSIÓN E ALCANCE

Máis de **300 expositores internacionais**, presentando produtos, servizos e solucións de catering e onboard. Arredor de **4.500 visitantes profesionais** de máis de **70 países. 160 aeroliñas representadas**, incluíndo grandes compañías de Europa, América, Asia e Oriente Medio. Perfis dos **visitantes con alto poder de toma de decisións** e exclusivamente aberta ao sector das viaxes e a hospitalidade.

PLATAFORMA DE VISIBILIDADE

WTCE constitúe un **foro internacional de referencia** para a industria do catering e dos servizos a bordo, orientado ao contacto directo entre provedores e decisores de compra de aerolíneas, operadores ferroviarios e compañías de cruceiros. Trátase dunha **plataforma estratéxica para entrar no sector dos servizos de catering a bordo, un mercado altamente competitivo e globalizado**. Ademais, a través de espazos especializados, conferencias e programas de innovación, a **WTCE contribúe a reforzar a visibilidade, a credibilidade e o posicionamento** das marcas participantes.

PARTICIPACIÓN AGRUPADA CON CLUSAGA

A participación agrupada coordinada por Clusaga ten como obxectivo **optimizar a presenza das empresas galegas**, mellorar a súa visibilidade conxunta baixo unha imaxe común e facilitar o acceso a un evento de alto valor estratéxico para a internacionalización do sector alimentario.

MÁIS INFORMACIÓN

Para máis detalles sobre a feira, categorías de produto, programa de actividades e requisitos de participación, pódese consultar a web oficial de WTCE: www.worldtravelcateringexpo.com

Detalles da participación

O custo de participación nun **stand individual de 10 m² con montaxe básica** é de **9.505 €** por empresa. Como alternativa, existe a opción de **stand compartido**, dispoñendo cada unha de aproximadamente **4,5 m²**, cun prezo de **3.840,25 €** por empresa.

As empresas participantes poden acceder ás **subvencións do programa Galicia Exporta**, que poden cubrir **ata un 70% do investimento total**, incluíndo o custo do stand, a montaxe básica e os gastos de viaxe e aloxamento de persoal para a feira.

Máis información

✉ global@clusaga.org ☎ 881 023 853